



MARCO TULLIO CICERON CATILINARIAS – TRATADO DAS LEIS

Ed. Xuntanza, Santiago 2001 – páxs. 23-28, 73-74, 134-138

IN CATILINAM ORATIO PRIMA

I.- ¿Ata cando vas abusar da nosa paciencia, Catilina? ¿Cando tempo aínda ese furor teu nos burlará? ¿Ata que límite, se axitará a túa desenfreada audacia? ¿Non te disuaden nin a nocturna garda do Palatino, nin as sentinelas da cidade, nin o medo do pobo, nin o acordo de tódolos homes bos, nin este fortificado lugar onde se reúne o Senado, nin as facianas e miradas de tódolos senadores? ¿Non entendes que os teus designios están descubertos? ¿Non ve-la túa conxuración sufocada pola coñecer xa todos? ¿Cres que algún de nós ignora o que fixeches onte pola noite e antonte, onde estiveches, a quen convocaches, que decisión tomaches? ¡Oh tempos! ¡Oh costumes! ¡O Senado sabe isto, o cónsul veo, e, nembargantes, Catilina vive! ¿Vive? Máis aínda, mesmo vén ó Senado e toma parte nos seus acordos, mentres coa mirada sinala a cada un de nós para a morte. ¡En troques nós, homes fortes, cremos facer abondo pola República, se evitámo-lo seu furor e as súas armas! Hai tempo, Catilina, que por orde do cónsul debiches ser levado á morte para sufri-la mesma sorte que contra todos nós, tamén dende hai tempo levas maquinando. Un cidadán ilustre, Publio Escipión, pontífice máximo, sen ser maxistrado fixo matar a Tiberio Graco por turbar lixeiramente a constitución da República; e nós, os cónsules, ¿non castigaremos a Catilina, que aspira a devastar coa morte e co lume o mundo enteiro? Prescindo de exemplos demasiado antigos coñecidos, como o de Servilio Ahala, que coa súa propia man matou a Espurio Melio porque pretendía cambios no goberno. Houbo, houbo noutrora nesta República a virtude de que os homes esforzados lles impuxeran maior castigo ós cidadáns perniciosos que ós máis feroces inimigos. Temos contra ti, Catilina, un severo e enérxico decreto do Senado; non falta á República nin o consello nin a autoridade desta orde; nós, francamente o digo, nós os cónsules sómo-los que faltamos. (...)

II. Outrora decretou en certa ocasión o Senado que o cónsul Lucio Opimio coidara da salvación da República, e antes de anoitecer fora morto Caio Graco por sospeitas de sedicións, sen que lle valesse a sona de seu pai, avó e entregos, e morrera tamén o antigo cónsul Marco Fulvio con seus fillos. A República foi confiada por un mesmo decreto do Senado ós cónsules Caio Mario e Lucio Valerio. ¿Acaso foi demorada un só día a morte, e o castigo solicitado pola patria, para Lucio Saturnino, tribuno da plebe e para o pretor Caio Servilio? ¡Mais, en cambio nós, senadores, toleramos dende hai vinte días que a punta da autoridade baloreza! Temos tamén un decreto do senado, pero arquivado nos rexistros, como espada escondida na súa vaíña; segundo este decreto do Senado é xusto que ti morras ó instante, Catilina. Vives, vives, e non para que o teu atrevemento desapareza, senón para que sexa fortalecido. Senadores, desexo ser clemente; desexo, ó mesmo tempo, non parecer débil en tan grave perigo da República; mais eu mesmo me acuso de ineptitude e indolencia. Foi establecido un campamento en Italia disposto contra a República, nos desfiladeiros de Etruria; o número dos inimigos medra día por día; vedes entrementes o xeneral dese exército, o caudillo deses inimigos está dentro dos muros e aínda máis, aquí, no Senado, maquinando contra a República algunha desgracia. Se agora ordenase que ti, Catilina, sexas detido e te matasen, creo que ninguén me tacharía de cruel, e temo que os bos cidadáns mesmo me xulgasen serodio. Pero o que debín facer hai tempo, teño que o demorar aínda por importantes motivos. Morrerás, Catilina, cando non se poida encontrar ningún tan malvado, tan corrompido, tan semellante a ti, que non confese a xustiza do teu castigo. Mentres quede alguén que se atreva a te defender, vivirás; pero vivirás do mesmo xeito que agora vives, asediado de moitas e seguras sentinelas para que non poidas moverte contra a República. Os ollos e os oídos de moitos expiarante e vixiarante, mesmo sen que o notes, como fixeron ata o de agora.

III.- Entón, Catilina, ¿que motivo hai para que esperes xa máis, se nin a noite pode ocultar coas súas tebras esas xuntas impías, nin unha casa privada reter coas súas paredes as voces da túa conxuración?, ¿se todo se sabe; se sae fóra? Cambia de propósitos, faime caso, esquece a matanza e os incendios. Estás collido por tódolos lados, tódolos teus propósitos son para nós claros como a luz do día, e voucho demostrar. ¿Lembras que dixen no Senado o día duodécimo antes das calendas de novembro que Caio Manlio, secuaz e ministro da túa audacia, se alzaría en armas un día determinado, e que este día sería o día sexto antes da calendas de novembro? ¿Acaso me equivoquei, Catilina, non só nun feito tan atroz, tan increíble, senón na data? Eu mesmo dixen no Senado que ti fixára-la morte dos nobres para o día quinto antes das calendas de novembro, moitos dos cales fuxiron de Roma, non tanto por salva-la vida como por impedi-la realización dos teus intentos. ¿Acaso podes negar que ti aquel mesmo día, rodeado polas miñas sentinelas, pola miña vixilancia, non puideches facer ningún movemento contra a República, cando ti, coa marcha dos demais, dicías, sen embargo, que ti estabas satisfeito coa miña morte, xa que eu quedara? ¿Que máis? Cando confiabas apoderarte de Preneste sorprendéndoa cun ataque nocturno nas mesmas calendas de novembro, ¿acaso non advertiches que aquela colonia fora fortificada por orde miña coas miñas gornicións, gardas e sentinelas? Nada fas, nada tramas, nada pensas que eu non só oía, senón tamén vexa e saiba con certeza.

IV.- Lembra, por fin, comigo aquela noite anterior: xa comprenderás entón que eu me preocupo pola saúde da república moito máis ca ti pola perda da patria. Aludo á noite en que fuches entre falcarios -non falarei veladamente- á casa de Marco Leca, onde acudiron moitos cómplices da mesma loucura e crime. ¿Atrévete a negalo?, ¿por que calas? Se o negas, probareicho. Vexo que algúns que estiveron contigo están aquí no senado. Oh deuses inmortais! Entre que xentes estamos! Que República ternos! En que cidade vivimos! Aquí, aquí están entre nós, senadores, no noso número e neste consello, o máis sagrado e augusto do orbe terrestre, os que meditan sobre a nosa morte e de todos, os que meditan sobre a ruína desta cidade e aínda sobre a ruína do globo terráqueo. Estounos a ver eu, o cónsul, e pídolle-lo seu parecer sobre a República, e cando conviñera acabar con eles a estocadas, nin aínda coas palabras se lles ofende. Fuches, pois, Catilina aquela noite á casa de Leca, repartiches a Italia entre os teus cómplices, determinaches a onde debía ir cada un deles, elixiche-los que habían de quedar en Roma e os que levarías contigo, sinaláche-las zonas da cidade que habían de ser incendiadas, asegúraches que partirías pronto, dixeches que se demorabas algo a túa saída era porque aínda vivía eu. Ofrecéronse entón dous cabaleiros romanos a te librar dese coidado e prometeron que eles me matarían no meu leito aquela mesma noite, pouco antes de amanecer, mais foron encontrados. Todo isto oouben pouco despois de terminada a vosa reunión; fortifiquei e asegúrei a miña casa con máis numerosa e forte garda; ós que enviaches a me saudar tan de madrugada, cando chegaron á miña porta foilles negada a entrada, pois xa lles anunciara a moitos e excelentes homes a hora en que irían a me visitar.

V.- Como isto sexa así, Catilina, acaba o que empezaches, sae dunha vez da cidade; abertas están as portas; marcha. Xa hai días que no teu exército, ás ordes de Manlio, te botan de menos como xeneral. Lévate contigo a tódolos teus; se non todos, cantos máis; limpa deles a cidade. Librarasme de gran medo cando entre ti e eu estean as murallas. Xa non podes permanecer por máis tempo entre nós; non o tolerarei, non o permitirei, non o soportarei. Moito temos xa que lles agradecer ós deuses inmortais e a este mesmo Xúpiter Estator, antiquísimo protector desta cidade, por nos ter librado tantas veces desta ruína tan tenebrosa, tan horrible e tan funesta para a República. Non se consentirá máis que por un só home perigue a República. Cando elixido cónsul puxeches contra min axexos, Catilina, non me defendín coa forza oficial, senón coa miña propia cautela. Cando nos últimos comicios consulares, sendo eu cónsul, quixeches matarme e ós teus demais competidores no Campo de Marte, esmaguei os teus malvados intentos co auxilio dos meus amigos e achegados, sen causar alarma ningunha no público; por último, sempre que atacáche-la miña persoa rexeiteite persoalmente, anque sabía que á miña morte ía

unida unha gran calamidade para a patria. Agora xa atacas abertamente a toda a República; xa pide-la morte para tódolos cidadáns, e a ruína e devastación para os templos dos deuses inmortais, para as casas da cidade, para Italia enteira. Por isto, anque non me atrevo a executa-lo que é privativo do meu cargo e autoriza-la práctica dos nosos maiores, tomarei unha determinación menos severa e máis útil para a salvación xeral. Porque se ordenara matarte quedarían na República as bandas dos demais conxurados; pero se te afastas, como non ceso de te aconsellar, sairá contigo da cidade a pernicioso turba multa que son as feces da República. E que, Catilina! ¿Vacilas acaso en facer, porque eu o mandei, o que espontaneamente fas executar? O cónsul ordénalle ó inimigo saír da cidade. ¿Pregúntasme para ir ó desterro? Non o mando, pero, se me consultas, aconséllócho.

VI.- .Que hai, efectivamente, Catilina, que poida agradarche xa nesta cidade, na que ninguén hai, fóra desta conxuración de homes corrompidos, que non te tema, ninguén que non te odie? ¿Que marca de torpeza doméstica non foi gravada a lume na túa vida? ¿Que deshonra dos teus asuntos privados non está unida á túa infamia? ¿Que impureza non contemplaron os teus ollos, que maldade non executaron as túas mans, que deshonra non envolveu todo o teu corpo? ¿A que mozo a quen enredaras nas mallas da corrupción non lle puxeches diante o ferro para o seu atrevemento ou o facho para a súa concupiscencia? ¿Que máis? Cando hai pouco a morte da túa primeira esposa deixaches libre a túa casa para novas nupcias, ¿non acumulaches a esta maldade outra verdadeiramente increíble? Maldade que calo e de bo grao consinto quede silenciada, para que non se vexa que nesta cidade se cometeu tan feroz crime que non foi castigado. Tampouco falarei da ruína da túa fortuna, de que estás ameazado para os próximos idus. Prescindo da ignominia privada dos teus vicios, das túas dificultades e vergonzas domésticas, para me concretar ó que atinxe á República enteira, á vida e conservación de todos nós. ¿Pode agradarte, Catilina, o ambiente desta vida, a luz deste ceo sabendo que ninguén aquí ignora que a véspera das calendas de xaneiro, sendo cónsules Lépidio e Tulio, estiveches nos comicios con armas, reuniches xente para asasina-los cónsules e os principais cidadáns e que ningún pensamento ou temor teus se opuxo ó teu crime e á loucura túa, senón a fortuna do pobo romano? E omito falar doutros crimes -ou por sabidos, ou por cometidos pouco despois-; ¡cantas veces intentaches matarme sendo cónsul electo e séndoo en exercicio!, ¡cantos golpes, ó parecer imposibles de evitar, dirixiches contra min e eu esquivei ladeándome ou, como adoita dicirse, furtando o corpo! Nada consigues, nada logras e, nembargantes, non desistes de esforzarte e querer. ¡Cantas veces se che quitou ese puñal das mans e cantas veces caeu e escorreuse por algún accidente! E, nembargantes, non podes prescindir del máis tempo. O cal é verdade, ignoro en que altares foi consagrado e ofrendado por ti, xa que pensas que cravalo no corpo dun cónsul é necesario.

ORATIO QUARTA

IV- Ata agora só vexo dúas opinións: a de D. Silano, quen considera merecedores da pena capital ós que intentaron arrasa-la patria, e a de C. César, que non quere que morran, pero si que se lles apliquen tódolos máis crueis tormentos. Cada cal deles, conforme á súa dignidade e á suma importancia do asunto, móstrase severísimo. Cre o primeiro que os que intentaron privarnos da vida a todos nós, asola-lo Imperio, extinguido nome do pobo romano, non deben gozar máis da existencia nin do aire que todos respiramos, e recorda para o efecto as moitas veces que nesta República se lles aplicou o devandito castigo a cidadáns criminais; este entende que os deuses inmortais non ordenaron a morte para castigo dos homes, senón como condición da natureza ou como descanso dos nosos traballos e miserias. Por iso o sabio recibiu sempre sen pena e o valoroso non poucas veces con pracer; pero as prisións, sobre todo as perpetuas, inventáronse para castigo adecuado ós crimes máis nefandos e pide que os culpados sexan distribuídos entre varios municipios; cousa que non parece moi xusta se ordenamos a estes recibilos, nin moi doado se llelo rogamos. Resolvede, nembargantes, o que vos agrada: eu buscarei e agardo atopar municipios que consideren impropio da súa dignidade negarse a cumpri-lo que por salvación de todos ordenedes. Engade César graves castigos para os municipios que desexen liberdade ós presos; rodea a estes de terribles gardas; ordena, por merecelo

así a maldade duns homes tan perdidos, que ninguén poida, nin o Senado, nin o pobo, perdoárlle-la pena que para eles pide; quítalles ata a esperanza, o único que consola ao home nas súas desgracias; confíscalles tódolos seus bens, e a homes tan malvados só lles deixa a vida, a cal, se se lles quitase, os libraría cunha soa dor de moitas dores de alma e de tódolos castigos que polos seus crimes merecen. De igual maneira, con propósito de atemorizar nesta vida aos malos, declararon os antigos que nos infernos había suplicios idénticos para castiga-los impíos, comprendendo que sen este remoto temor, nin a mesma morte sería temible.

DE LEGIBUS LIBER TERTIVS

Marco.- Seguirei, pois, como xa dixen, a aquel home divino a quen, na miña admiración, gabo tal vez máis do necesario.

Ático.- Falas sen dúbida de Platón.

Marco.- Del mesmo, Ático.

Ático.- Nunca o gabarás demasiado, nin con excesiva frecuencia; porque os meus compañeiros mesmos, os que queren que non se gabe a ninguén máis ca ó seu filósofo, me conceden admirar a Platón tanto como queira.

Marco.- E fan ben, abofé. ¿Que pode haber máis digno da túa delicadeza, cando a túa vida e linguaxe ofrecen, ó meu ver, a alianza máis difícil, a gravidade e urbanidade?

Ático.- Alégrome de te ter interrompido, posto que conseguín tan fermosa declaración do concepto en que me tes. Pero continúa como comezaches.

Marco.- Gabemos primeiramente a lei en si mesma; pero que as nosas gabanzas sexan verdadeiras e apropiadas á súa natureza.

Ático.- Si, como fixeches coa lei relixiosa.

Marco.-Comprendedes sen dúbida que o carácter do maxistrado é presidir, ordena-lo que é xusto, útil e conforme as leis. Así como as leis son superiores ós maxistrados, estes son superiores ó pobo, e pode dicirse con verdade que o maxistrado é a lei que fala, e a lei o maxistrado mudo. Nada sen dúbida tan natural e lexítimo, no sentido que lle demos a esta palabra, como o poder: sen o poder, casa, cidade, nación, nin o xénero humano poderían subsistir, como tampouco a natureza nin o universo mesmo. Porque este obedece a Deus; a terra e o mar lle están sometidos, e a vida dos homes obedece ós mandatos dunha lei suprema. Pero, vindo a feitos máis próximos de nós e que coñecemos mellor, tódalas nacións antigas obedeceron a reis. Esta autoridade conferíase primeiramente ós máis xustos e máis sabios, prevalecendo esta regra na nosa República, mentres se mantivo baixo a autoridade real. Despois transmitíuselle esta autoridade ós descendentes, como subsiste aínda entre os que actualmente reinan. Pero aqueles a quen desagradou a omnipotencia real, propuxéronse, non deixar de obedecer a todos, pero si non obedecer sempre a un só. Nós, pois, xa que dictamos leis para pobos libres e xa que expuxemos en seis libros as nosas opinións acerca da mellor forma de república, conformaremos hoxe as nosas leis co goberno que preferimos. Os maxistrados son necesarios: sen a súa prudencia e o seu celo non pode existi-la sociedade, e na determinación das súas facultades descansa todo o organismo da república. Determinemos, pois, non soamente cómo han de manda-los maxistrados, senón tamén cómo han de obedece-los cidadáns. Porque o que manda ben, necesariamente obedeceu durante algún tempo, e o que modestamente obedece, móstrase digno de mandar algunha vez. E polo tanto conveniente que o que obedece espere mandar algún día e o que manda recorde que moi pronto terá que obedecer. Pero é moi pouco someterse e obedece-los maxistrados; prescribimos tamén respectalos e amalos, a exemplo de Carondas nas súas leis. O noso Platón di que os que se opoñen ós maxistrados son como os Titáns, que se opoñen ó Señor dos ceos. Dito isto, pasemos ás leis mesmas, se vos agrada.

Ático.- Pola miña parte apróboo todo, os principios e o método.

Marco.- "Que o poder sexa xusto; que os cidadáns o obedezan docilmente e sen discusión. Que o maxistrado castigue ó cidadán rebelde e culpable con multas, cadeas, azoutas, se autoridade igual ou superior ou o pobo non se opoñen a iso; que haxa dereito de apelación a estes. Cando o maxistrado xulgase e condenase, que a aprobación da pena ou multa pertenza ó pobo. O que mande na guerra que o faga sen apelación; que o mandato do que fai a guerra teña forza de lei. Que os maxistrados inferiores, dos que a súa autoridade non é completa, actúen en determinado número. No exército que manden ós seus subordinados; que sexan tribunos seus. No interior que garden o tesouro público; que vixíen os cárceres; que castiguen os crimes capitais; que marquen co selo público ou bronce, a prata e o ouro; que xulguen os preitos comezados; que executen os decretos do Senado. Que haxa edís para o coidado da cidade, das subsistencias, dos xogos solemnes; e que este sexa o primeiro grao para ascende-los honores máis elevados. Que os censores conten o pobo segundo a idade, número de fillos, de escravos e rendas; que velen pola conservación dos templos da cidade, os camiños, as augas, o tesouro, os impostos; que distribúan as diferentes partes do pobo en tribos; que as repartan por bens, idades e ordes; que rexistren os fillos dos cabaleiros e xentes de a pé; que impidan o celibato, dirixan os costumes do pobo; que non consintan a infamia no Senado. Que sexan dous; que a súa maxistratura sexa quinquenal, que os demais maxistrados sexan anuais; que esta maxistratura subsista sempre. Que o pretor, árbitro do dereito, xulgue ou faga xulgalos asuntos particulares; que sexa o gardián do dereito civil; que teña tantos iguais en autoridade como decretase o Senado ou mandase o pobo".

"Que haxa dous maxistrados con autoridade real, e que, segundo presidan, xulguen ou consulten, se chamen pretores, xuíces ou cónsules. Na guerra que teñan dereito soberano e non obedezan a ninguén. Que a saúde do pobo sexa para eles a lei suprema. Que ninguén desempeñe a mesma maxistratura senón despois dun intervalo de dez anos. Que se observe a idade regulada pola lei actual. En caso de guerra perigosa ou de discordia civil, que un só, se o decreta o Senado, teña o mesmo dereito cós dous cónsules, pero non por máis de seis meses, e que, nomeado baixo bos auspicios, sexa señor do pobo. Que teña ás súas ordes un xefe da cabalería con xurisdicción igual á do pretor. Cando exista este xefe do pobo, que supla a tódolos outros maxistrados".

"Que os auspicios pertencan ó Senado, e que nome do seu seo os que deban vixiar nos comicios a creación dos cónsules. Que os xefes dos exércitos, os gobernadores das provincias, os legados, cando o Senado o decreta e o mande o pobo, saian da cidade; que fagan xustamente as guerras xustas, coiden dos aliados, contéñanse eles e os seus tenentes, aumenten a gloria do seu pobo e volvan á súa patria con honor. Que ninguén sexa delegado para os seus asuntos propios. Que o pobo teña os dez tribunos que el se creou para o socorrer contra a forza; que a súa prohibición, que as súas proposicións ó pobo, sexan lei; que sexan inviolables, e que nunca quede o pobo desprovisto de tribunos. Que tódolos maxistrados teñan os seus auspicios e a súa Xurisdicción; que formen o Senado; que os decretos do Senado sexan lei. E se un poder igual ou superior non o impide, que os senatusconsultos sexan rexistrados. Que esta orde non teña mancha; que sexa o modelo das demais. Que para a elección dos maxistrados, os xuízos, os mandatos ou prohibicións do pobo, cando se acuda ós votos, sexan coñecidos dos grandes, libres para o pobo".

"Se sobreviñese algo que estea fóra da competencia dos maxistrados, que nomee o pobo un para que decida e lle confira o dereito de o facer. Que o dereito de obrar co pobo e os senadores pertencan ó cónsul, ó pretor, ó xefe do pobo, ó dos cabaleiros e ó maxistrado que delegue o Senado para o nomeamento dos cónsules; que os tribunos que o pobo se dese teñan dereito de obrar co Senado, e que eles mesmos lle comuniquen ó pobo o que sexa necesario comunicarlle. Que os discursos que se pronuncien ante o pobo ou o Senado sexan sempre moderados. Que non se ausente o senador senón por causa ou delicto. Que o senador fale no seu posto e con mesura; que defenda a causa do pobo. Que non haxa violencia no pobo. Que unha autoridade ou superior decida se unha proposición producise disturbios, a responsabilidade sexa do seu autor. Se unha proposición fose

funesta considérese como bo cidadán ó que se opoña a esta. Que os que falen observen os auspicios; que obedezan ó augur; que non fagan as súas proposicións senón despois de promulgalas, expostas, publicadas no Tesouro; que non fagan deliberar sobre máis dun asunto á vez; que lle expliquen as súas intencións ó pobo; que consintan que os maxistrados e particulares lles fagan observacións. Que non se concedan privilexios; que non se decida acerca da existencia dun cidadán, como non sexa nos grandes comicios, formados por aqueles que os censores admitisen nas clases do pobo. Que non se reciban nin se dean regalos, sexa para conseguilo poder, sexa durante, sexa despois da súa xestión. Que para todo aquel que falte a estes preceptos o castigo estea en proporción co delicto. Que os censores sexan os gardiáns das leis; que o maxistrado volto á vida privada lles dea conta dos seus actos, sen que por iso quede exento da acción legal”.

A lei está recitada. Retirádevos e mandarei dárvo-las táboas.

Quinto.- En poucas palabras, irmán meu, presentáchesnos tódalas maxistraturas; pero esa é sobre pouco máis ou menos a nosa República.

Marco.- Moi xusta é a túa observación, Quinto; esa é en efecto a constitución pública que eloxia Escipión nos nosos libros, que aproba con preferencia e que non podería realizarse sen esta organización das maxistraturas. Non podedes ignorar que das maxistraturas depende a forma da república, e que pola súa organización se coñece de qué xénero é un goberno. Agora ben, como os nosos antepasados ordenaron o goberno con sabedoría suma e grande proporción, nada ou case nada cambiei nas súas leis. (...)

CUESTIÓNS SOBRE OS TEXTOS:

IN CATILINAM

1. Define e atopa un exemplo de **polisíndeton** e outro de **asíndeton** no primeiro parágrafo do texto. Perante que tipo de recursos nos atopamos?: fónicos, sintácticos ou semánticos? Consulta o manual de retórica e recursos estilísticos.
2. ¿Pode o Senado de Roma, segundo Cicerón, ordena-la morte dun cidadán que desempeñe unha maxistratura? ¿Sucedeu algunha vez na historia de Roma? ¿Poderías poñer algún exemplo?
3. ¿Que exemplo pón Cicerón para demostrar o dereito dos cónsules a executar a Catilina?
4. ¿Por qué motivo Cicerón non ordena inmediatamente a morte de Catilina? ¿Que medidas toma mentres tanto contra el?
5. ¿Cales eran os plans concretos de Catilina desfeitos por Cicerón? ¿En que datas terían lugar? ¿Por que non tivo o éxito esperado?
6. ¿A que se refire Cicerón co que é “privativo do seu cargo” e “práctica dos seus maiores”?
7. ¿Por que quere Cicerón que Catilina saia de Roma?
8. ¿Que dous personaxes manteñen posturas opostas sobre o destino final de Catilina e os conxurados? ¿De que xeiton razonan a súa opinión?

DE LEGIBUS

9. ¿De que xeito defende Cicerón as vantaxes dunha das características dos maxistrados romanos, a anualidade?
10. ¿Que maxistratura deberá mirar para que non queden cidadáns solteiros? ¿Cantos anos durará esta?
11. ¿En que ocasión se poderá nomear a un “señor do pobo”, con poderes superiores aos dos demais maxistrados? ¿Que nome recibía esta maxistratura e canto tempo duraba o seu mandato?
12. ¿Cales son as faltas nas que pode incurrir un senador, un tribuno ou calquera outro maxistrado?